




Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 SDR	Documento 5411810CIU	
Código de verificación  3Q6N 0U70 2408 150Z 0A2V	Expediente 541/2024/832	
	Fecha 02-08-2024	

DECRETO

O 31-03-2021 formalizouse con Cespa Compañía Española de Servizos Públicos e Auxiliares, S.A. (adquirida dende o día 01.12.2021 por PreZero España, S.A.) o contrato de servizos de recollida e transporte dos residuos urbanos, correspondente ao lote 2 do contrato de servizos de contenerización, recollida e transporte de residuos urbanos na cidade da Coruña, comezando a execución das prestacións o 1 de xuño do 2021

O comité de empresa de Prezero España S.A.U., empresa encargada da recollida e transporte de residuos urbanos en todo o termo municipal, convocou folga de forma intermitente para os días 24 e 25 de xuño, 8, 25, 26 e 27 de xullo e de forma indefinida a partir do 28 de xullo.

O 21-06-2024 fíxanse os servizos mínimos para os días que puntualmente se convoca a folga e o 22-07-2024 fíxanse os servizos mínimos para a folga indefinida convocada a partir do domingo 28 de xullo.

Os servizos mínimos fixados determinan unha serie de medios humanos e materiais a empregar, con expresa determinación de que, en todo caso, garántase a recollida en cada contedor da cidade cada dous días.

O 22-06-2024 o Servizo de Medio Ambiente emite un informe no que sinala que a realidade é que, desde hai semanas, vense producindo unha situación anómala na prestación do servizo público de recollida de residuos na cidade, cunha importante acumulación de lixo sen recoller en diversas rúas e beirarrúas de todos os barrios do termo municipal, dado que incluso nos días en que non hai convocada folga a recollida non se verifica de forma completa, alternándose contedores sen recoller con outros que só son recollidos parcialmente, o que na práctica se traduce na presenza continuada no tempo de toneladas de residuos orgánicos, inorgánicos, de papel-cartón, vidro e voluminosos na vía pública, impedindo o paso peonil nalgunhas zonas da cidade, dificultando a mobilidade das persoas (o que resulta especialmente perigoso no caso de persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida), e mesmo poñendo en perigo o tráfico rodado.

Esta presenza de lixo acaba sendo o catalizador da aparición doutros riscos, tales coma roedores, aves, insectos, e larvas que directamente inciden na saúde das persoas, especialmente en colectivos concretos, coma persoas enfermas, con patoloxías respiratorias, e nenos e nenas.

Esta situación é documentada en numerosos informes (Inspección Ambiental, Policía Local, Servizo de Extinción e Prevención de Incendios...) e é corroborada polo informe do Servizo de Control de Riscos Ambientais da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 19-07-2024.



Ademais da situación de perigo derivada da importante acumulación de residuos por toda a cidade, xa relatada, engádense os actos vandálicos que se veñen dando desde o 1 de xullo, que consisten na queima diaria indiscriminada de contedores por toda a cidade.

Esta situación reviste unha especial gravidade por canto dánanse de forma voluntaria unha serie de bens públicos destinados á prestación dun servizo público obrigatorio, cun potencial risco de afectar a outros bens, como así está a ocorrer, fundamentalmente de vehículos, ou de afectar á integridade das persoas.

Como consecuencia de todo o relatado, o 22-07-2024 esta Alcaldía declarou a existencia de emerxencia sanitaria na cidade da Coruña, ordenando a contratación de emerxencia necesaria para realizar as actuacións puntuais e de reforzo na recollida e transporte dos residuos existentes naqueles puntos da cidade con grave perigo para a salubridade e seguridade cidadá.

A contratación de emerxencia realizouse coa empresa Valoriza Servizos Ambientais, S.A., que comezou a executar a prestación cos medios que lle foron encomendados o 25-07-2024.

A empresa Valoriza está a realizar as prestacións encomendadas en horario diúrno e escoltada pola policía local.

O 01-08-2024 emite informe o Servizo de Medio Ambiente, no que se relata e documenta toda a situación que se está a vivir, e se sinala:

“O anterior obriga a concluir que se está a producir unha notoria agravación da situación de emerxencia sanitaria, onde os medios humanos e materiais contratados á empresa Valoriza para levar a cabo a recollida nas zonas onde se aprecia un grave perigo para a salubridade, seguridade e saúde das persoas son insuficientes para dar cobertura a todas estas necesidades urxentes que están xurdindo como consecuencia das novas toneladas de residuos que se acumulan en distintas zonas da cidade e que, por elo, pasan a constituír novos puntos críticos que demandan unha inmediata intervención para garantir o dereito constitucional á vida, á saúde e á seguridade e salubridade cidadá.

Conclúese, xa que logo, que a contratación de emerxencia realizada non está sendo suficiente para conseguir eliminar os puntos críticos de grave acumulación de residuos, que son moitos máis dos inicialmente considerados ao aparecer novos puntos diariamente en zonas e barrios que inicialmente non se atopaban nesa situación pero que, debido á insuficiente recollida por parte da empresa PreZero, pasan a ser novas zonas críticas, producíndose unha situación cíclica e evolutiva de aparición de novos puntos de acumulación de residuos que están xerando un grave perigo para a cidade de A Coruña”.

Así mesmo, pónense de manifesto os medios que estiman necesario incrementar para poder acudir ós puntos que, en toda a cidade, supoñen situacións de grave perigo.

O exercicio lexítimo do dereito fundamental de folga en servizos esenciais para a Comunidade, como é o caso do servizo de recollida de lixo (servizo esencial para unha cidade), e en período estival, exponse necesariamente a esixencia de conciliar os intereses e bens xurídicos fundamentais en xogo (art. 28.2 da CE), do dereito á folga co dereito dos usuarios dos servizos esenciais, e ademais cun ben xurídico protexido superior e prevalente,



como é a saúde pública. Neste senso, o lexislador define o servizo esencial como “*el servicio necesario para el mantenimiento de las funciones sociales básicas, la salud, la seguridad, el bienestar social y económico de los ciudadanos, o el eficaz funcionamiento de las Instituciones del Estado y las Administraciones Públicas*” (artigo 2.a da Lei 8/2011 pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas).

Aínda que, no ordenamento xurídico vixente, a folga é configurada como dereito, tamén como todo dereito subxectivo o dereito de folga non é absoluto ou incondicionado, senón que pola contra supón deberes e responsabilidades para os seus titulares, requirindo que sexa sometida tanto a «límites externos», derivados da necesaria preservación doutros bens, como a «límites internos», inherentes á súa filosofía e á súa configuración xurídica.

Por iso, pártese do disposto no art. 28.2 da CE, que, seguindo pautas internacionais, impón a necesidade de racionalizar o exercicio do dereito de folga. Para o Tribunal Constitucional a folga non pode impoñer o sacrificio dos intereses dos destinatarios de servizos esenciais, pártese, por tanto, dunha conciliación entre ambos os dereitos fundamentais.

Ao non cumprirse os servizos mínimos esenciais e atoparse a cidade, ademais das prácticas vandálicas de queima de contedores (por un importe que supera xa os 400.000 €), cunha situación en que se derivou o exercicio antisocial dun dereito, non cumpríndose, coa consecuencia dunha emerxencia sanitaria con grave risco para a salubridade pública e que se expón ademais de maneira indefinida, obrigará á adopción das medidas precisas para a súa salvagarda, e aínda que, non poderá garantirse que os servizos se presten como se efectúa de maneira habitual, terá que non sacrificarse o interese xeral de mantemento da saúde pública, ao particular dunha reivindicación laboral, que pode ser lexítima, pero que se exerce fóra dos marxes previstos pola lexislación e a xurisprudencia, xa que como declarou a STC 2/2022, do 24 de xaneiro, cando a folga afecta a servizos esenciais da Comunidade hase de partir da lexitimidade do dereito de folga tamén en tales casos, pero garantindo uns servizos.

As medidas adoptadas coa declaración do estado de emerxencia sanitaria motivadas e proporcionais, resultaron pola ausencia do cumprimento dos servizos mínimos, insuficientes, retirándose xa centos de toneladas, e aparentemente mitigado por breve tempo os riscos máis inmediatos para a saúde pública, pero sen poder evitar que sigan producíndose, acumulándose toneladas da mesma, e este risco, grave e certo, mantense, e coa posibilidade polo período estival de ser mesmo causa dunha pandemia, e de consecuencias difíciles de prever.

Estamos ante unha folga convocada polos traballadores da recollida e transporte de residuos urbanos, pero que, en realidade, diariamente non é secundada por ningún traballador, como pon de manifesto a empresa.

A pesar diso, a recollida e transporte de residuos urbanos é absolutamente deficitaria cunhas porcentaxes de recollida moi baixos, inferiores mesmo aos fixados como servizos mínimos para o caso de que a folga fose secundada, cousa que non está a ocorrer.

A cidade de A Coruña está inmersa nunha situación grave para a salubridade, a seguridade e a saúde pública, que se agrava co avance do tempo en época estival, de máxima afluencia turística, ocupación hostaleira e eventos deportivos e artísticos que atraen a persoas de todas as idades á nosa cidade.



Concello da Coruña

Así mesmo, como xa se sinalou, a existencia de actos vandálicos están a producir unha situación de grave perigo, coa queima indiscriminada de contedores por toda a cidade. Nesta última noite, por exemplo, tiveron que ser atendidas 3 persoas pola inhalación de fume pola queima de contedores na rúa Ramón del Cueto, e houbo queima de contedores noutros puntos da cidade.

A acumulación de residuos supoñen un perigo alto de incendio, nesta época de ano na que debe extremarse a limpeza da carga combustible para evitar incendios, especialmente nas zonas próximas a zonas rústicas ou con biomasa vexetal (Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia), perigo que vese incrementado de forma importante ante os actos vandálicos que está sufrindo toda a cidade.

De acordo con todo o relatado, manténdose a situación de Emerxencia Sanitaria, non sendo suficientes os medios postos a disposición para atallar as situacións que diariamente supoñen un grave perigo, debe procederse a incrementar os medios postos a disposición da contratación da emerxencia, de conformidade co artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Na súa virtude, en uso das atribucións que teño conferidas polo lexislación vixente e coa motivación *in aliunde* do informe do Servizo de Medio Ambiente e os seus anexos (CSV 546M 0M0X 6N31 282D 09OB),

DISPOÑO:

1.- Reiterar e reforzar a declaración de emerxencia sanitaria na cidade de A Coruña, decretada o 22-07-2024 pola situación existente de acumulación de lixo sen recoller e sucidade nas rúas, ordenando, á vista do informe do Servizo de Medio Ambiente no que se pon de manifesto a insuficiencia nos medios contratados por emerxencia para dar solución ás situacións de grave perigo que existen na cidade, que o Servizo de Contratación proceda á tramitación e contratación por emerxencia dos medios adicionais que se estiman necesarios para dar puntual solución a aqueles puntos da cidade que diariamente presentan un grave perigo para a salubridade e seguridade cidadás.

Estes puntos deberán levar máis de dous días sen recoller -respectando así o lexítimo dereito de folga- e deben presentar un grave perigo para a salubridade e seguridade cidadás.

2.- Dar conta ao Pleno e á Xunta de Goberno Local nas seguintes sesións que estes órganos celebren, e dispoñer a publicación do presente decreto no taboleiro electrónico municipal.

A Coruña, 2 de agosto do 2024

Inés Rey García,

Alcaldesa